

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 1 DE ABRIL DE 2024

1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00015218S.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbase a acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 25 de marzo de 2024.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00046906J.

Adxudicación do contrato de concesión para a utilización privativa, coa finalidade da súa explotación publicitaria, das marquesiñas de autobuses do transporte público colectivo urbano e MUPIS, instalados na vía pública na cidade de Santiago de Compostela a ALPHA MEDIA GROUP con NIF B61422481

Acórdase:

Primeiro: Excluír, de acordo coa cláusula 6ª do PCAP, deste procedemento de adxudicación o licitador AVISTA COMUNICACIÓN EXTERIOR SL con NIF B70417654 por ofertar un canon inferior ao mínimo requirido no PCAP.

Segundo: Adxudicarlle o contrato de concesión para a utilización privativa, coa finalidade da súa explotación publicitaria, das marquesiñas de autobuses do transporte público colectivo urbano e MUPIS, instalados na vía pública na cidade de Santiago de Compostela á empresa ALPHA MEDIA GROUP con NIF B61422481 por presentar a mellor oferta. O canon ofertado pola dita empresa é de 523.662,00 €.

O canon ten carácter de taxa e, polo tanto, non está suxeito a IVE consonte o disposto no artigo 7.9 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido.

Desígnase consonte o establecido na como responsable do contrato a Xefa de servizo circulación e seguridade cidadá, de acordo coa cláusula 5ª do PCAP.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00049282M.

Autorización da devolución da fianza definitiva constituída pola empresa ROTOTANK, S.L., para responder do contrato de Subministración de setenta (70) colectores de carga lateral de capacidade de 2.000 litros para o Concello de Santiago de Compostela " EXPTE. 2021/49282M.

Acórdase autorizar a devolución da fianza definitiva constituída pola empresa ROTOTANK, S.L., CIF: B96305743, por importe de 2.166,50 euros (Ingreso en metálico, nº operación: 320210004875, nº ingreso: 20210001717) para responder do contrato de Subministración de setenta (70) colectores de carga lateral de capacidade de 2.000 litros para o Concello de Santiago de Compostela " EXPTE. 2021/49282M.

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00056124Q.

Autorización da cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa INGENIERIA, MEDIO AMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE, SLU, para responder do contrato de "Servizos para a diagnose, reparacións urxentes e plan de mantemento dos muros de carácter tradicional de Santiago de Compostela " EXPTE. 2021/56124Q, CON/25/2021.

Acórdase autorizar a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa INGENIERIA, MEDIO AMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE,

SLU, CIF: B15856339, por importe de 1.928,28 euros (Avalista: AFIGAL SGR, NIF.- V15053754) para responder do contrato de “Servizos para a diagnose, reparacións urxentes e plan de mantemento dos muros de carácter tradicional de Santiago de Compostela” EXPTE. 2021/56124Q, CON/25/2021. |

5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00044743C.

| Autorización da cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa *ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L.*, para responder do contrato de “Subministración, instalación, posta en funcionamento, mantemento e posterior retirada, en réxime de aluguer, dos elementos decorativos de iluminación do nadal 2021 e 2022, que lucirán as rúas e prazas públicas da cidade de Santiago de Compostela” EXPTE. 2021/44743C CON/48/2021 |

| Acórdase autorizar a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa *ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L.*, CIF: B15279359, por importe de 20.475 euros (Avalista: Banco Santander, NIF.- A39000013) para responder do contrato de “Subministración, instalación, posta en funcionamento, mantemento e posterior retirada, en réxime de aluguer, dos elementos decorativos de iluminación do nadal 2021 e 2022, que lucirán as rúas e prazas públicas da cidade de Santiago de Compostela” EXPTE. 2021/44743C CON/48/2021 |

6. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00015156E.

| Tomar coñecemento da memoria de actividade da Asesoría Xurídica no ano 2023. |

| Tómake coñecemento da MEMORIA ANUAL -2023- DA ACTIVIDADE DA ASESORÍA XURÍDICA MUNICIPAL. |

7. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00015218S.

| Tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías Delegadas. |

| Acórdase tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías Delegadas no período comprendido entre o 22 e o 26 de marzo de 2024. |

URXENCIAS

8. ÁREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2017/00002306H.

| Aprobación proxecto construtivo “Ampliación paso superior da Ruta da Prata sobre FF.CC. na Cañoteira-Outeiro de Marrozos” revisado segundo informe de supervisión da Deputación da Coruña |

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto construtivo de marzo de 2024 (asinado con data 26/03/2024) da obra “Ampliación paso superior da Ruta da Prata sobre FF.CC. na Cañoteira-Outeiro de Marrozos”, redactado polo enxeñeiro de camiños D. Alberto Arias Durán e polo arquitecto D. Manuel Durán Arriero, e que ten as seguintes características:

- Orzamento: 262.809,92 euros + 55.190,08 euros de IVE = 318.000,00 euros.
- Prazo de execución: 4 meses.
- Clasificación do contratista: non esixible.

Segundo. Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude presentada ao abeiro do plan POS+ Complementario 2024

9. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00006751V.

Tomar coñecemento da sentenza recaído no procedemento PA 23/2023 CA 2 sobre responsabilidade patrimonial por caída na beirarrúa |

Sentenza nº 062/2024

PA 023/2023 CA2

Obxecto: responsabilidade patrimonial por caída na beirarrúa.

SENTIDO DA SENTENZA

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Secretaría para o seu coñecemento

10. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00021713D.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 164/2022 CA1 sobre factura por obras de reparación de viario no rural. |

Sentenza nº 048/2024

PA 164/2022 CA1

Obxecto: factura por obras de reparación de viario no rural.

SENTIDO DA SENTENZA

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Obras e Proxectos.